



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

D. Victor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dña. Mª Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

**VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE BELUSO,
CONCELLO DE BUEU**
D. Xosé R. Millán López
D. Xosé Estévez López

SECRETARIO

D. José Mª Muíños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dez de maio do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Udra e outros", da parroquia de Beluso, do concello de Bueu.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 16/02/06, D. Xosé Ramón Millán López, en representación dos veciños da parroquia de Beluso, do concello de Bueu, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación dos montes "Udra e outros" como veciñais en man común para os veciños da parroquia de Beluso, acompañando informe técnico e pericial, describindo os montes, identificacións, superficies, ocupacións e lindeiros e abundante documentación histórica na que fun damenta as súas pretensións.

SEGUNDO.- Subsanadas determinadas eivas e fallas advertidas pola Administración, o Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 22/02/06, incoar o correspondente expediente de clasificación dos devanditos montes, nomeando ponente do mesmo a D. Victor Abelleira Argibay e a remisión do presente expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais a fin de elabora-la correspondente informe preceptivo, informe que é evacuado en data 21/06/06



TERCEIRO.- O rexistrador da propiedade de Cangas, certifica con data 18/06/06, que as parcelas de monte solicitadas non aparecen inscritas a nome de persoa algunha.

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.L.F. os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: BUEU
PARROQUIA: BELUSO

NOME DO MONTE: "Udra"

Cabida: 50,928 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Deslinde marítimo-terrestre

Sur: Deslinde marítimo-terrestre e pista de subida da praia de Ancoradouro a Chan de Esqueiros, que o separa de Ramón Rúa Barreiro

Leste: Deslinde marítimo-terrestre ata a praia de Mourisca e muro con camiño de Chan de Esqueiros a Pedrón que separa dos predios da familia Masso Bolívar e de Rosa e Josefa Cabral Martínez

Oeste: Deslinde marítimo-terrestre

Encravados:

1.- A Pena

Lindes:

Norte: Muro de pedra que o separa dos predios de Josefa Villanueva Martínez, José R. Magdaleno Comesaña, Manuel Ferradás Martínez, Josefina Ferradás Martínez, Cristina Caiño López, Rosario Gómez Pérez, Manuela Piñeiro, Josefa Davila Piñeiro, José Martínez Rey, Dolores Mendiña Pastoriza, Francisco Gómez Villanueva, Francisco Villanueva Martínez, Antonio Mundín Iglesias e Manuel Pastoriza Pérez

Sur: Muro de pedra que o separa dos predios de Manuela Mendiña Estévez, Alfonso López Camiña, Rosario Martínez Pastoriza e José Fiel de la Torre

Leste: Estrada a Portela Udra

Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de Antonio Mundín Iglesias, Francisco Villanueva Martínez, Francisco Gómez Villanueva, Dolores Mendiña Pastoriza, José Martínez Rey, Josefa Davila Piñeiro, Manuela Piñeiro, Rosario Gómez Pérez, Cristina Caiño López, Josefa Ferradás Martínez, Manuel Ferradás Martínez, José Ramón Magdaleno Comesaña, Rosa Alvarez Martínez, José Mendiña González, Manuel Pastoriza Pérez e Manuela Mendiña Estévez

2.- Zapateiro

Lindes:

Norte: Muro de pedra que o separa dos predios de María Pastoriza González, María Martínez de la Torre, José Ramón Agulla Crespo, José Luís Magdaleno García, Carlos González Martínez, Rogelio Domínguez López, José Luis Barros Malvar e Juan Martínez Pérez

Sur: Muro de pedra que o separa dos predios de José María Porto Martínez, María Teresa Chapela González e Manuel Carbajal

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Juan Martínez Pérez, Alvarez Pastoriza Donato, José Martínez Torres, Josefa Regueira, Rosa Pastoriza Ferradás, José



Ramón Agulla Crespo, Benito Regueira Pastoriza, José Manuel Rey Gómez, Román Comedeiro Rey e José María Porto Martínez

Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de María Pastoriza González, M^a José Piñeiro Ríos, Josefa Otero Comedeiro, Josefa Pérez Ferradás, Ramón Ferradás Martínez, José Martínez Torres, Teresa Alvarez Pastoriza, Josefa Otero Comedeiro, Jesús Pastoriza Brión, José Piñeiro Pérez e José Villanueva Graña

NOME DO MONTE: "A Cabreira"

Cabida: 2,192 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Pista de acceso e muro de pedra que o separa dos predios de M. Asunción Pérez Ferradás, Juan Nogueira Pérez, Manuel García Pastoriza e M^a Teresa Porto Martínez

Sur: Pista Vela-Udra e muro que a separa dos predios de Jesús López Ferradás, Ramón Piñeiro González e M^a Teresa Magdaleno Rodríguez

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Rafael Bañón Piqueres, Rosa Pastoriza Maneiro, Carmen Torres Ferradás, Rosa Ferradás Seijas, Teresa Pérez Seijas e Alfonso Armada Comíns

Oeste: Encrucillada de Chan de Esqueiros e muro de bloques que o separa do predio de José Martínez Camiña e máis pista da Vela que o separa do predio de Pedro Miguel Pérez Torres

Servidumes e ocupacións:

Existen dous cercados de aprox. 1500 e 2000 m²

NOME DO MONTE: "Poleiro"

Cabida: 0,181 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño que o separa da propiedade da familia Barros Malvar

Sur: Camiño que o separa da propiedade da familia Barros Malvar

Leste: Camiño de acceso dende a estrada Portela-Udra e muro que o separa de predios de Javier Miguel Ferradás Ferradás e José Luis Barros Malvar

Oeste: Camiño que o separa da propiedade da familia Barros Malvar

NOME DO MONTE: "Puxo"

Cabida: 4,595 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predio de Ramón Rúa Barreiro e deslinde marítimo-terrestre

Sur: Muro de pedra e canle de auga que o separa das parcelas do enclave Os Muscallos

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Pedro Miguel Pérez Torres, Jaime Gómez Graña, Rosario Mundín Iglesias, José R. Alvarez Callejas, José L. Caride Paradela, Pura Galup Galup, Carmen Novas Cabral, José Pastoriza Brión, Rosa Martínez Estévez, Javier Domínguez Peixoto, Irene e Manuel Ferradás Mendiña, José Comedeiro Otero, Ramón Ferradás Martínez, Carmen García Chapela, Sofía Ferradás Pastoriza, Manuel Pérez Seijas, Teresa González Soliño, Rosa Pastoriza Maneiro, Rosa Pastoriza Cores, José M^a Vilas Otero, Rosa



Martínez Estévez, José Menduiña Ferreira, Santiago Rodríguez López, M^a Concepción Pastoriza Ferradás, M^a del Carmen Otero Novas, María Regueira Ferradás, José Ramón Magdaleno Comesaña, Manuel González Soliño, Ramón Otero Cruz, Plácido Fernández Comedeiro, José Gómez e Manuel Cruz Entenza

Oeste: Deslinde marítimo-terrestre

Encravados:

1.- Os Muscallos

Propiedade de José Regueira Pastoriza, Jorge González Torres, Manuel Seijas Ferradás, Rosa Ferradás Seijas, M^a Teresa Pastoriza Entenza e Josefa Soliño Regueira

NOME DO MONTE: "Escadiña ou Forcadela"

Cabida: 4,441 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro de pedra que o separa dos predios de Rosa Pastoriza Maneiro, Carmen Regueira, Rosa Pastoriza Brión, María Pastoriza González, José Ramón Magdaleno Comesaña, Carmen Regueira Torres, Josefa Martínez Entenza, Rosa Ferradás Magdaleno, José Fiel de la Torre e José Regueira Pastoriza

Sur: Praia de Lagos, establecemento de José Vidal, remate da pista Lagos-Udra e comenzo da estrada Lagos-A Portela e muro de pedra que o separa dos predios de Rosa Ferradás Seijas e José Manuel Comedeiro Miranda

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de José Regueira Pastoriza, Francisco Otero Miranda, Ernestina Lourido Davila, Josefa Comedeiro Pastoriza, Antonio Rivero González, Carmen Pastoriza Seijas, José Manuel Fiel de la Torre, Josefa Soliño Regueira, Ramón Comedeiro Pastoriza, M^a Teresa Pastoriza Entenza e Carmen Pastoriza Pérez

Oeste: Deslinde marítimo-terrestre

NOME DO MONTE: "Redondo ou Corral"

Cabida: 2,876 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e muro de pedra que o separa dos predios de Josefa e Concepción Cruz Pousa, Ramón Otero Cruz, Josefa Comedeiro Pastoriza, Carmen Alvarez Otero, Jesús Otero Novas, Jesús Seijas Franco, Camilo González Pastoriza, Ramón Martínez Piñeiro, Manuel Seijas Ferradás, M^a Teresa Pastoriza Entenza, Jesús Portela Medraño e José Villanueva Graña

Sur: Muro de pedra e camiño á Escadiña que o separa dos predios de José Villanueva Graña, Manuel Pastoriza Brión, Bienvenido Martínez Piñeiro, Rosa Pérez Seijas, José Manuel Pastoriza Cores, Sofía Ferradás Pastoriza, José Magdaleno Comesaña, José Pastoriza Maneiro, Francisco Torres Pastoriza, Salvador Pastoriza Martínez, Manuel Ferradás Magdaleno, José R. Magdaleno Comesaña e Dolores Menduiña Pastoriza

Leste: Camiño de acceso ó monte e muro de pedra que o separa dos predios de Rosa Ferradás Seijas, José Agulla Portela, Erundina Magdaleno Rodríguez, Josefa Torres Ferradás, Manuel Ferradás Pastoriza, José Bastón Ferradás, Ramón Pastoriza Martínez, Jesús Otero Novas, Francisco Pérez Seijas e José Luis Fariña Pérez



Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de Josefa Fontán Giraldez, Rosario Pastoriza Pastoriza, María Pastoriza González, Carlos Fernández Cabo de Vila, Camilo González Pastoriza e Rosa Pastoriza Cores

Servidumes e ocupacións:

Atópase atravesado por unha liña eléctrica

NOME DO MONTE: "Canixo"

Cabida: 0,369 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro de pedra e camiño que o separa de María Ferradás Pastoriza

Sur: Estrada A Vela-Pezós

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Teresa Pastoriza Entenza, Teresa Quiroga Bastos, Alfonso López Camiña, Rosa Ferradás Magdaleno, Jesús Otero Novas e pista forestal A Vela-Udra

Oeste: Muro de pedra que o separa de M^a Torres Ferradás e pista forestal A Vela-Udra

NOME DO MONTE: "da Vela"

Cabida: 2,417 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Con muro que o separa do eido das vivendas do núcleo rural e predios de María Gómez Rodríguez, Mercedes Ferradás Chapela, Josefa Torres Ferradás e Manuel Seijas Ferradás

Sur: Muro de pedra que o separa da propiedade de Margarita Cruz Pouso e continuación do muro e camiño que ven do monte Fariño

Leste: Muro de pedra que o separa das propiedades de Rosa Ferradás Piedras, Román Comedeiro Rey, José Antonio Vilas Otero, Manuel Seijas Ferradás, Antonio Novas Loira, María Comedeiro Pastoriza, Josefa Soliño Regueira, Josefa Davila Piñeiro, María Comedeiro Pastoriza, Cesareo Ferradás Piñeiro, Angeles Estévez Regueira e Aurora Ferradás Martínez

Oeste: Muro de pedra e pista Montemogos-Vela que o separa dos predios de Aurora Martínez Rey, Ramona Pastoriza Martínez, Manuel Martínez Estévez, Sofia Ferradás Pastoriza, Manuel Novas Cabral e Camilo González Pastoriza

Servidumes e ocupacións:

Na zona norte da parcela existen dúas ocupacións con peche de 2500 m/2 aprox.

NOME DO MONTE: "Fariño"

Cabida: 0,932 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro de pedra que o separa de María Comedeiro Pastoriza

Sur: Camiño de acceso dende Montemogos e muro de pedra que o separa de Lino Pérez Paz

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Generosa Abilleira Novas, Camilo González Pastoriza, Ana Piñeiro, M^a Josefa Soliño Regueira e Carlos Fernández Cabodevila

Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de Aurora Ferradás Martínez, Angeles Estévez Regueira, Cesareo Ferradás Piñeiro, María Comedeiro Pastoriza,



Antonio Novas Loira, Manuel Seijas Ferradás, José Seijas Otero, M^a Rosario González Pérez, Josefa Comedeiro Pastoriza, Rosa Ferradás Seijas, Jesús Otero Novas e José Seijas Otero

NOME DO MONTE: "A Ferrada"

Cabida: 0,748 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño que o separa dos predios de Campos Villarino, Manuel Novas Cabral, Eligio Ferradás Piedras, familia de la Sota de Pontevedra, Carmen Azpeitia Estévez e Gaspar Rivero González

Sur: Muro de pedra e antigo camiño que o separa do predio de José M^a Masso Bolívar

Leste: Muro de pedra que o separa do predio de José M^a Masso Bolívar

Oeste: Estrada Rúa Nova-Lagos

NOME DO MONTE: "Carafixo, Pezós, Brazás e Cerrolaxes"

Cabida: 10,271 Has. (superficie alegada na solicitude)

1.- Pezós

Lindes:

Norte: Monte comunal de Carafixo

Sur: Estrada A Portela-Lagos, camiño e canle de auga

Leste: Camiño e muro de pedra que o sepra do predio de Enrique J. Buch Gómez

Oeste: Estrada Pezós-A Vela

2.- Cerrolaxes

Lindes:

Norte: Muro de pedra que rodea o piñeiral de Enrique J. Buch Gómez e o separa do comunal

Sur: Camiño veciñal e muro de pedra que o separa dos predios de Francisco Vidal Rial, Gaspar Regueira Pastoriza, Carlos Fernández Cabodevila, Isaac Fernández Panete, Josefa Soliño Regueira, José Pastoriza Budiño e Benito Davila

Leste: Camiño veciñal que o separa de Camilo González Pastoriza

Oeste: Co monte comunal de Carafixo na zona de Pezós

3.- Carafixo

Lindes:

Norte: Camiño veciñal

Sur: Monte comunal de Pezós

Leste: Camiño e muro de pedra que o separa dos predios de Enrique J. Buch Gómez, Julio Gil Piñeiro, José A. Gil Piñeiro, Manuel Ferradás Magdaleno, Josefa Puig Davila, Antonio Fiel Pastoriza, José Villanueva Graña, Ramón López Graña, Salvador Pastoriza Seijas e Graciana González Carballo

Oeste: Estrada de Pezós-A Vela ata a intersección coa canle de auga que baixa de Brazás

Encravados:

1.- Ao nordeste, conformado polos predios de Isolina Agulla Cortizo e Laura Otero Agulla, e delimitado por muros de pedras



2.- Ao norte, conformado polos predios de Claudio Lamosa Ríos, Carmen Lamosa Martínez, José Lamosa Otero, Jaime Lamosa Ríos, Carmen Entenza Lamosa, Francisco Lamosa Corredoira, Rosario Lamosa Corredoira, M^a Teresa Lamosa Corredoira e José González Lamosa. Delimitado por muros de pedra, camiño e valados

3.- Ao noroeste, conformado polos predios de José Agulla Graña, Salvador Agulla Graña, Herdeiros de Jesús Menduiña Senín e José L. Chapela González. Delimitado por valado de terra entre a canle de auga e o antigo camiño

4.- Brazás

Lindes:

Norte: Muro de pedra que o separa dos predios de Julio Otero Estévez, M^a Teresa Pastoriza Entenza, Manuel Pérez Seijas, José M^a Vilas Otero, Manuel Seijas Ferradás, Francisco Otero Miranda, Rosa Villanueva Regueira e José M^a Meiro Piñeiro

Sur: Muro de pedra que o separa dos predios de M^a Teresa Pastoriza Entenza e Carmen Martínez Lorenzo

Leste: Pista forestal Coumiñán-Vela que o separa de Manuel Cruz Entenza

Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de Teresa Queiroga Bastos, María Carballo Pastoriza, Manuel Martínez Pastoriza, Francisco Rozas Otero e Ramón Pazo Torres

Encravados:

1.- Conformado polos predios de José B. Ruibal Fariña, familia Lamosa e Rosa Otero Estévez. Delimitado por muro de pedra, pista e valado de terra

NOME DO MONTE: "Lagos"

Cabida: 1,892 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada e muro de pedra

Sur: Monte comunal de Palanca e estrada A Portela-Lagos

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Rosa Mancero, Pura Galup Galup, Ramón Vilas Estévez, Josafá Soliño Regueira, Luisa Novas Loira, José Ramón de la Torre Estévez, María Dolores Camiña Carballo e Clotilde Otero Novas

Oeste: Deslinde marítimo-terrestre

NOME DO MONTE: "Palanca"

Cabida: 0,492 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Monte comunal de Lagos, estrada A Portela-Lagos e peche de bloques que o separa de predios de Francisco Miranda González, Mercedes Davila Corral e Francisco Davila Corral

Sur: Deslinde marítimo-terrestre

Leste: Canle de auga e peche de postes que o separa do predio de Jaime Massó Bolívar

Oeste: Deslinde marítimo-terrestre

NOME DO MONTE: "Robaleira ou Preguntoiro"

Cabida: 3,416 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:



- Norte:** Muro de pedra que o separa do predio de Jaime Massó Bolívar
- Sur:** Muro de pedra que o separa dos predios de José Ferradás Piedras, Ignacio Menduiña de la Torre, Rosa Cerviño Regueira, Camilo González Pastoriza, Manuel Pastoriza Portela, María Menduiña Pastoriza e Pura Galup Galup
- Leste:** Muro de pedra que o separa dos predios de Teresa Brión Ferradás, M^a Teresa Otero Miranda, Camilo González Pastoriza, Manuel Novas Cabral, Manuela Lorenzo Novas, José Villanueva Graña, José Manuel Fiel de la Torre, Carlos Fernández Cabodevila, Amelia Pastoriza Davila, Asunción Piñeiro Vilas, José A. Graña Santaclara, Teresa Carballo Otero, Marina Malvido González, José Emilio González Fernández, Salvador Barros Diz, María Lamosa Ríos, Josefa Ferradás Magdaleno, Salvador e Manuel de la Torre, Ramón Barros Diz, Efigenia Molarcs Villaverde, Jaime Gómez Graña, Antonio Davila Davila, Teresa González Soliño, José L. Davila Juncal, José Carballo Brión, Josefa Soliño Regueira, Jaime de la Torre García, Israel Otero García, Ramón Comedeiro Pastoriza, José Otero Novas, Rosa Ferradás Magdaleno, María Pastoriza González e José Ferradás Piedras
- Oeste:** Deslinde marítimo-terrestre

NOME DO MONTE: "Chan de Montes ou Reventóns"

Cabida: 7,996 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

- Norte:** Desembocadura do río Nocado e muro de pedra que o separa dos predios de M^a de los Angeles Estévez Regueira, José Cruz López, Josefa Estévez Pousa, Josefa Ferradás Martínez, Carmen Martínez Rúa, José Estévez Martínez, Edelmiro González Estévez e Benito Estévez Estévez
- Sur:** Concello de Cangas e muro de pedra que o separa dos predios de Luciano Caballero Estévez, Mercedes Menduiña Fontán, José Brión Pastoriza, Eugenia Estévez Menduiña, Josefa Martínez Pousa, Adrián Pousa Graña, Pura Portela Estévez, José Alfaya Portela, Jesús Portela Medraño e Benjamín Pousada Ferradás
- Leste:** Pista forestal e muro de pedra que o sepra dos predios de Juan García Muñíos, M^a Carmen Estévez Estévez, Alfonso Pérez Ferradás, Lino García Estévez, M^a del Carmen Alfaya Novas, Rosa Carballo Maneiro, José Otero Regueira, Teresa Estévez Pousada, Manuel Fariña Estévez, Rosa Fernández Comedeiro, Benjamín Pérez Ferradás, Carmen Entenza Menduiña, Teresa Estévez Estévez, María García Otero, Eugenia Estévez Menduiña, Jesús Brión Menduiña, Josefa Portela Estévez, Marta Piñeiro Ferreira, Mercedes Miranda Acuña, Eligio Ferradás Piedras, Carmen Estévez Portela, Honorio Comesaña Portela, Carmen Ferradás Martínez, Juan Menduiña Fontán, M^a Carmen Estévez Estévez, Santiago Bolívar Sequeiros e Ana Bolívar Piñeiro
- Oeste:** Deslinde marítimo-terrestre

NOME DO MONTE: "Chan do Sído ou Catuxe"

Cabida: 1,444 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:



- Norte:** Muro de pedra que o separa dos predios de Benito Estévez Estévez, Josefa Ferradás Martínez, Josefa Piñeiro García, Mercedes Graña Estévez, Dolores Estévez Estévez, Benjamín Pérez Ferradás, Carmen Ferradás Martínez, Juan García Muñíos, Teresa Estévez Pousada, Carmen García Estévez e Dolores Pousa Acuña
- Sur:** Muro de pedra que o separa dos predios de M^a del Carmen Estévez Mendiña, Eligio Ferradás Piedras, Lino García Estévez, Herdeiros de José Estévez Mendiña, M^a Dolores Estévez Estévez, Honorio Pousa Portela, Manuel Pousa Portela, Josefa Estévez Estévez e José Otero Regueira
- Leste:** Muro de pedra que o separa dos predios de Julia Casaleiro Domínguez, José Budiño Otero, Josefa García Otero, José Pastoriza Cores, José Ferradás Piedras e Carmen Estévez Pousa
- Oeste:** Muro de pedra que o separa dos predios de Faustino Rodríguez López, Josefa Martínez Pousa, Delfina Regueira Carballo, Benito Estévez Mendiña, Andrés Ferradás Freire, Josefa Comedeiro de la Cueva, Josefa García Otero, Pura Portela Estévez, Teresa Estévez Pousada, Manuel Estévez Comesaña, María Graña Estévez e Josefa Ferradás Martínez

NOME DO MONTE: "Cidreiros"

Cabida: 3,421 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

- Norte:** Muro de pedra e camiño a Reventóns que o separa dos predios de Fermina Piñeiro Estévez, Agustín Pérez Ferradás, Teresa Estévez Pousada, Ana M^a Duarte Portela, Benito Portela Martínez, Rosa Blanco González, Josefa Martínez Pousa, Rosa Portela Mendiña, Juan García Muñíos, M^a Milagros Estévez Ons, Eligio Ferradás Piedras, Benito Estévez Mendiña, Josefa Pousa Mendiña, José Lamosa Otero, Mercedes Otero Estévez, Manuel Ferradás Magdaleno, María Pastoriza González, Josefa Ferradás Martínez e Virginia Carabelos Fraga
- Sur:** Muro de pedra e camiño de Bargón que o separa dos predios de Benito Estévez Estévez, M^a Carmen Pérez Ferradás, José Portela Estévez, Josefa Estévez Ferradás, Carmen Ferradás Estévez, Manuel Rodríguez Mendiña, Herdeiros de Tomás Bolívar Massó, Ramón Fariña Estévez, Carmen García Villar, Juan Estévez Estévez, Mercedes Mendiña Fontán, Josefa Portela Estévez, Elidio Ferradás Estévez, Rudesindo Estévez Mendiña, José Regueira Ferradás, M^a Montserrat Pastoriza Pousa, Herdeiros de José García Muñíos, Benito Estévez Pousa, Carmen Estévez Pousa, M^a Teresa Estévez Estévez e María Ferradás Estévez
- Leste:** Muro de pedra que o separa dos predios de Juan Mendiña Fontán, Ramón Fariña Estévez, Mercedes Graña Estévez, María Estévez Comesaña, Fermina Carballo Estévez e Manuel Ferradás García
- Oeste:** Muro de pedra e camiño que o separa dos predios de Carmen Estévez Acuña e Olga Caballero Omil

NOME DO MONTE: "Lavandeira"

Cabida: 1,694 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:



- Norte:** Camiño e río Nocedo que o separa dos predios de Juan José Estévez Pastoriza, Adrián Pousa Graña, Josefa Martínez Pousa, e Salvador Ferreira González
- Sur:** Muro de pedra que o separa dos predios de Carmen Estévez Pousa, Alfonso Martínez Ferradás, Herdeiros de José Estévez Menduiña, Josefa Martínez González, Josefa González Cores e José García Estévez
- Leste:** Río Nocedo e muro que o separa dos predios de Rosa Fernández Comedeiro, Lina Martínez Santos, Juan Carballo Estévez, Andrés Ferradás Freire, Lino Estévez Regueira, Julio Medraño Queiruga e Herdeiros de José Pousa Carballo
- Oeste:** Muro de pedra e camiño de Campelo que o separa dos predios de José Brión Pastoriza, José Porto Patiño, José A. Graña Duarte, Herdeiros de Ramón Molares Villaverde, Manuel Estévez Comesaña, Carmen Ferradás Acuña, M^a del Pilar Pastoriza Cores, José Ramón Magdaleno Comesaña, Benito Alvarez Santos, Anxo González Ferreira, Josefa Aurelia Cores Comesaña, Agustín Estévez Pousa, Jesús e José Ferreira Martínez, Julia Casaleiro Domínguez e M^a Carmen García Estévez

NOME DO MONTE: "Borrallido, Queimada, Mareliña, Braceira, Chamiceira, Nocedo e Braña de Nocedo"

Cabida: 28,389 Has. (superficie alegada na solicitude)

1.- Queimada

Lindes:

Norte: Muros e camiño que o separa dos predios de José Benito Duarte Portela, Benito Estévez Pousa, Carmen García Estévez, Milagros Estévez Ons, Aurelio Ferreira González, M^a Montserrat Pastoriza Popusa, Eligio Ferradás Estévez, Mercedes Menduiña Fontán, Carmen Estévez Estévez, Avelino Molanes Estévez, Herdeiros de Tomás Bolívar Massó, Manuel Rodríguez Menduiña, Lino García Estévez, M^a Carmen Pérez Ferradás e Ana López Montero

Sur: Concello de Cangas ata a parte Sur do encrave privado de Campelo

Leste: Muros de pedra e camiño veciñal que bordea o encrave privado de Campelo e o separa dos predios de Serafín Estévez Mancero, Oremor Inversiones, S.L., Agustín Pérez Ferradás, Teresa Estévez Estévez, María Estévez Comesaña, José Brión Pastoriza, Rosa Estévez Carballo, Dolores Estévez Estévez e Plácido Ferradás Acuña

Oeste: Estrada PO-315

2.- Mareliña ou Cereixido

Lindes:

Norte: Camiño e muro de pedra que o separa dos predios de Venancio Molanes Estévez, Angeles Estévez Regueira, Josefa Fariña Menduiña, Josefa Martínez Pousa, Carmen Martínez Estévez, Herdeiros de Elvira Estévez Ferradás, Jaime Estévez Portela, Josefa Piñeiro García, Carmen Estévez Pousada, Lino Estévez Regueira, Lino Estévez Acuña, Elvira Estévez Ferradás, José Estévez Estévez, Carmen Estévez Acuña, Luaciano Carballo Estévez, Josefa Estévez Pousa, José Ferradás Piedras, Dolores Estévez Estévez e Herdeiros de Manuel Casaleiro

Sur: Concello de Cangas

Leste: Enclave privado de Cereixido e continuación có monte comunal de Braceira



Oeste: Camiño e muro de pedra que bordea o encrave privado de Campelo separando dos predios de Oremor Inversiones, S.L., Plácido Ferradás Acuña, Rosa Estévez Caballero, José Brión Pastoriza, Agustín Pérez Ferradás, Teresa Estévez Estévez, Serafín Estévez Maneiro, José Manuel Estévez Estévez, Juan García Muiños, Rosario Moital García, José Estévez Maneiro, Gaspar Graña Otero e Rosario Piñeiro Sampedro

Encravados:

1.- Cereixido

Lindes:

Norte: Camiño e muro que separa o comunal de Oremor Inversiones, S.L.

Sur: Concello de Cangas

Leste: Muro de pedra que o separa dos predios de Oremor Inversiones, S.L., José Novas García e Teresa Estévez Pousada

Oeste: Predios de Oremor Inversiones, S.L., Teresa Estévez Estévez, Teresa Estévez Pousada e José Novas García

3.- Braceira ou Cerridos

Lindes:

Norte: Estrada PO-315 e camiño de Nocedo que o separa do predio de José L. Pérez de Lis Pazos

Sur: Concello de Cangas e camiño veciñal coa parroquia de Bucu, que o separa de máis monte comunal de Borrallido

Leste: Muro e camiño que o separa dos predios de M^a Gloria Regueira Carballo, Manuel Malvido Novas, Carmen García Villar, Lino García Estévez, Carmen Ferradás Piedras, Josefa Pousa Menduiña, Delfina Molanes Estévez, Rosa Ferradás Magdaleno, Rosa Vilas Estévez, Josefa Martínez Pousa, Ramón Canosa Patiño, Pablo Freire Estévez, Rosa Pastoriza Ferradás, José Manuel Ferreira Ferradás, Angeles Estévez Regueira, Carmen Ferradás Regueira, Manuel Pousa Portela, Adelina Molanes Estévez, Manuel González Soliño, María Pastoriza González, Josefa Duarte Portela, José A. Piñeiro Gómez, José Martínez Otero, Juan Menduiña Fontán, María Carballo Estévez, Josefa Fariña Menduiña, Fermina Carballo Estévez, Dolores Estévez Luis, Manuel Ferradás Martínez, Carmen Ferradás Piedras, Aurora Villanueva Piñeiro, Milagros Estévez Ons, Ramón de la Torre Estévez, Carmen Comesaña Portela, Luis López Ferreira, María Carballo Estévez, José Miranda Freire, María Estévez Estévez, Fernando García Puig e José Brión Pastoriza

Oeste: Enclave privado de Cereixido e monte comunal de Mareliña

4.- Borrallido ou Chamiceira

Lindes:

Norte: Camiño e muros que o separa de predios de José García Ferradás, María Cagide Francaño, M^a Carmen Piñeiro Estévez, Teresa Estévez Pousada, M^a Carmen Pousa Martínez e Josefa Comedeiro de la Cueva

Sur: Camiño

Leste: Camiño

Oeste: Camiño e muro que o separa dos predios de Avelino Ferradás Martínez, Carmen Ferradás Freire, Benito Pousada Estévez, Milagros Estévez Ons, José Ramón de



la Torre Estévez, Carmen Comesaña Portela, Avelino Carballo Regueira, Aurora Villanueva Piñeiro, José Pousa Ferradás, Teresa Estévez Estévez, Ramón Vilas Estévez, Digna Carballo Regueira, Carmen Duarte Portela, Emerita Pousa Porto, Juan Carballo Estévez e Eligio Ferradás

5.- Nocedo

Lindes:

Norte: Camiño de Nocedo e muro de pedra que o separa dos predios de Víctor Manuel Blanco Estévez, Teresa Estévez Estévez, Dolores Estévez Estévez e Carmen Martínez Molanes

Sur: Muro de pedra que o separa dos predios de Aurelia Comesaña Portela, Josefa García Otero, Consuelo Cagide Ares, Fermina Piñeiro Estévez, Herdeiros de Lino Ferradás Martínez, José García Ferradás, Josefa Comedeiro de la Cueva, M^a del Carmen Pousa Martínez e Teresa Estévez Pousa

Leste: Camiño de Nocedo e muro de pedra que o separa de Agustina Estévez Martínez

Oeste: Camiño con muro de pedra que o separa dos predios de Agustín Portela Estévez, Pablo Freire Estévez, Benito Estévez Pousa, Delfina Molanes Estévez, María Martínez Molanes, Josefa González Cores, Filomena García Villar, Paulino Estévez Pousa, José Manuel Estévez Estévez, Teresa Freire Estévez, Milagros Estévez Ons, Avelino Ferradás Martínez e Benito Pousada Estévez

NOME DO MONTE: "Cabalo ou Sartaxéns"

Cabida: 0,534 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Deslinde marítimo-terrestre

Sur: Camiño e muro que o separa dos predios de José Manuel Vidal Souto e José Regueira Estévez

Leste: Muro e camiño que caen sobre o lavadoiro no deslinde marítimo-terrestre e o separan do predio de Laybe Buen

Oeste: Camiño e predio de Rosario Pastoriza Pastoriza

NOME DO MONTE: "do Santo ou Rego de Auga"

Cabida: 0,682 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e muro de pedra que o separa dos predios de Fernando Massó Bolívar, Angel Carballo Regueira, M^a del Carmen Caiño Molanes, Paulino Estévez Pousa e Francisco Gestido Menduiña

Sur: Camiño que o separa dos predios de Carmen Estévez Estévez, José Ramón Magdaleno Comesaña, Juan Comesaña e Rosa Estévez Cruz

Leste: Río que o separa dos predios de Aniceto Rivas, Manuel Pérez Souto, Carmen Estévez Estévez, José Alfaya Portela, José Benito Duarte Portela e Manucla Regueira Piñeiro

Oeste: Camiño e estrada que baixa de Sanamedio á PO-315

NOME DO MONTE: "Chan de Outeiro"

Cabida: 0,255 Has. (superficie alegada na solicitude)



Lindes:

Norte: Pista asfaltada e muro que o separa dos predios de Anselmo Martínez Acuña e José L. López Ferreira

Sur: Peché de postes que o separa do predio de Benito Alvarez Santos

Leste: Valado e peche de aramio que o sepra do predio de José Luis López Ferreira

Oeste: Estrada PO-315

NOME DO MONTE: "Suborribas"

Cabida: 0,118 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada Suborribas-Arcas do Bon que o separa do predio de Francisco Lago Carballal

Sur: Camiño que o separa dos predios de Gaspar Otero Santos, Josefa Ferradás Magdaleno, Francisco de la Torre, José Santiago de la Torre Bastos, José Manuel Novas Ferradás e Manuel Martínez Estévez

Leste: Muro de pedra que o separa do predio de Teresa Carballo Otero

Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de Ramón Martínez Piñeiro

NOME DO MONTE: "Forqueiros"

Cabida: 0,182 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada A Portela-Udra

Sur: Nave industrial

Leste: Estrada A Portela-Udra

Oeste: Predios de Adelina Estévez Estévez

NOME DO MONTE: "Pedrón"

Cabida: 0,619 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Deslinde Marítimo-terrestre

Sur: Pista e predio de Josefa Porto Martínez

Leste: Deslinde marítimo-terrestre

Oeste: Muro de pedra que o separa dos predios de José Luis Barros Malvar, Juan Martínez Pérez, José Magdaleno Comesaña e Familia Massó Bolívar

QUINTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, presentaron alegacións o concello de Bueu e a empresa Promalar, S.L. que por extensas, danse por reproducidas e obrantes no expediente administrativo, alegando o que en dereito lles convida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Compre acoller so parcialmente a petición dos veciños, por canto perante a tramitación do presente expediente, tense suficientemente acreditado tanto pola abundantísima documentación aportada polos solicitantes o aproveitamento por parte do conxunto de veciños da parroquia de Beluso, de determinados montes que conforman o devandito núcleo parroquial como polos diversos informes técnicos obrantes no expediente. A maior abundamento, comprende sinalar que pese os numerosos colindantes que conforman os lindeiros dos diferentes montes, obxecto do presente expediente non se houbera presentado alegación algunha.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR integramente como veciñal en man común, a favor dos veciños da parroquia de Beluso, do concello de Bueu, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución, os seguintes montes:

Udra, A Cabreira, Poleiro, Puxo, Escadiña ou Forcadela, Redondo ou Corral, Canixo, da Vela, Fariño, A Ferrada, Lavandeira, Cabalo ou Sartaxéns, do Santo ou Rego da Auga, Chan de Outeiro, Suborribas, Forqueiros e Pedrón

CLASIFICAR PARCIALMENTE, como veciñal en man común, a favor dos veciños da parroquia de Beluso, do concello de Bueu, de acordo coa descrición seguinte, os montes:



NOME DO MONTE: "Cerroloxes"

Cabida: 0,364 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro de pedra que rodea o piñeiral de Enrique J. Buch Gómez e o separa do comunal

Sur: Camiño veciñal e muro de pedra que o separa dos predios de Francisco Vidal Rial, Gaspar Regueira Pastoriza, Carlos Fernández Cabodevila, Isaac Fernández Panete, Josefa Soliño Regueira, José Pastoriza Budiño e Benito Davila

Leste: Camiño veciñal que o separa de Camilo González Pastoriza

Oeste: Camiño Coumiñán-Pezós

NOME DO MONTE: "Brazas"

Cabida: 0,528 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro de pedra que o separa de predios de Rosa Villanueva Regueira e José M^a Meiro Patiño

Sur: Muro de pedra que o separa de predios de M^a Teresa Pastoriza Entenza e Carmen Martínez Lorenzo

Leste: Estrada asfaltada Pezós-Vela

Oeste: Muro de pedra que o sepra de predios de Teresa Queiroga Bastos, María Carballo Pastoriza, Manuel Carballo Pastoriza, Francisco Rozas Otero, Teresa Queiroga Bastos e Ramón Pazó Torres

NOME DO MONTE: "Carafixo"

Cabida: 0,198 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Salvador Pastoriza Seijas e Graciana González Carballo e remate da estrada asfaltada de Coumiñán

Sur: Muro de pedra que o separa de predios de J. Buch Gómez

Leste: Muro de pedra que o separa de predios de J. Buch Gómez e Carmen Entenza Lamosa

Oeste: Camiño Coumiñán-Pezós que o separa de predios de José Villanueva Graña e Ramón López Graña

NON CLASIFICAR como veciñal en man común os seguintes montes:


Pezós, Lagos, Palanca, Robaleira ou Preguntoiro, Chan de Montes ou Reventóns, Chan do Sido ou Catuxe, Cidreiros, Borrallido, Queimada, Mareliña, Braceira e Chamiceira por non quedar acreditado no presente expediente que o uso feito polos veciños dos devanditos montes, reuna os requisitos esixidos no artigo 1, da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común



Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



[Handwritten signatures and scribbles in blue and purple ink]



TRABALLO: PLANO DE CLASIFICACION DOS MONTES VECINAIS DA PARROQUIA DE BELUSO

CONCELLO: BUEU
AUTOR: SECCION TOPOGRAFIA
DATA: SETEMBRO / 2007
FOLIA: 1 / 1

OBSERVACIONS:

Os datos que aparecen reflectidos neste plano foron facilitados pola Xunta Provincial de Montes.

ESCALA: 1 / 5.000

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA